

NOVAS CTNL

Boletín da Coordinadora de Traballadores de Normalización Lingüística Lingüística

Nº 1

Santiago de Compostela, outubro, 1996

Edición: CTNL

Redacción: CTNL

Coordinación: CTNL

[Editorial](#)

[Asemblea da CTNL](#)

[O Arquivo de Planificación, xa unha realidade](#)

[Visita da CTNL ó Instituto da Lingua e ó Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega](#)

[Formación en planificación lingüística](#)

Editorial

Por fin, tras non poucas vicisitudes, atrancos e demais impedimentos, a CTNL ten existencia legal.

Con data do 28 de xuño deste mesmo ano, respondían da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio do Interior comunicándonos que visaban os Estatutos e inscribían a CTNL nos correspondentes rexistros públicos. Cumpriu case un ano para acadar existencia legal, pero xa se sabe que estas cousas sempre van moito máis a modo do que sería de desexar.

Para levar adiante todos estes trámites e arrincar, fixo falta unha directiva composta por algunhas persoas que, voluntariamente, se prestaron a traballar por esta iniciativa. Estas persoas que conformaron a primeira e provisoria directiva da CTNL son as seguintes:

Socorro García Conde, presidenta

Isabel Vaquero Quintela, secretaria

Beatriz Bascoy Maceiras, vocal

Rafael Villar González, vocal

Alberte González Montañés, vocal

Manuel Núñez Singala, vocal

Marta Souto González, vocal

Manuel Bmdez. Blanco, vocal

Coa legalidade remata o tempo da provisionalidade, e axiña, na vindeira asemblea, procederemos á escolla dunha nova directiva, na que tódolos que o desexen poderán participar. Cómpre ter presente que este colectivo é unha coordinadora, non un colexio oficial, non unha institución pública, nin sequera unha asociación mastodóntica na que a penas se coñecen os membros. Para que o colectivo funcione é imprescindible a máxima colaboración e o apoio decidido de todos e todas, debemos aproveitar as dimensións humanas que ten a coordinadora para participar con confianza e decisión.

Cómpre evitar que ocorra o que adoita ser común neste país: os catro matados de sempre traballan e os resto non se compromete. [←](#)

Asemblea da CTNL

O vindeiro día dezaseis de novembro, sábado, ás 10:30 horas, en primería convocatoria, e ás 11 horas en segunda, terá lugar a segunda Asemblea Xeral da CTNL. Será na aula 2 da Facultade de Filoloxía.

Agardamos que a asistencia sexa masiva, pois os asuntos que se tratarán serán do maior interese para todos. Por outra banda convidamos a asistir a todas aquelas persoas que, aínda non sendo socios, queiran informarse sobre as actuacións e obxectivos desta asociación. [←](#)

O Arquivo de Planificación, xa unha realidade

O pasado día 1 de setembro comezou a funcionar dependendo do Consello da Cultura Galega, o Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística. Os obxectivos deste centro son, fundamentalmente, tres: recoller todo o material –artigos, libros, campañas, informes, programas- que se produce neste eido, difundir a súa existencia e poñelo ó dispor das persoas e entidades interesadas.

O Arquivo de Planificación conta cun responsable, o profesor Henrique Monteagudo, unha colaboradora, Socorro García Conde, e dúas bolseiras, Susana Mayo, especialista en Filoloxía Galega, e Begoña López, especialista en Biblioteconomía e Documentación.

Como primeiras tarefas estanse fichando os fondos de que dispoñía o propio Consello da Cultura Galega sobre a materia, e recompilando información e material de diversas entidades. O Arquivo dirixiuse tamén a tódolos servizos lingüísticos e a outras institucións para que enviasen os materiais que considerasen de interese común ou fornecesen datos relevantes. Agárdase, en breve, comezar a ofertar servizos cara ó exterior. Primeiramente coa publicación dun boletín informativo das adquisicións ou doazóns. Tamén se espera obter un espazo en Internet, de xeito que aumenten no posible as canles para acceder á información.

Sería moi conveniente que aqueles que traballamos en servizos lingüísticos enviásemos todo aquilo que consideremos de interese (campañas, programas, dossiers...) ó enderezo seguinte:

Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística

Consello da Cultura Galega.

Pazo de Raxoi.

Praza do Obradoiro, 1

15705 Santiago de Compostela

☎588088 Fax: 588699

↩

[Visita da CTNL ó Instituto da Lingua e ó Seminario de Sociolingüística da Real](#)

O pasado 28 de xuño a CTNL iniciou o seu programa de visitas no Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega e no Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago. Nesa primeira ocasión o programa non tivo a concorrencia desexable, en boa parte pola coincidencia da data cos exames de oposición de secundaria.

Na visita realizada ó Seminario de Sociolingüística os asistentes foron recibidos por Gabriel Rei Doval, e no Instituto da Lingua polo seu director, o profesor Antón Santamarina. En ámbolos casos fóronlles mostradas as distintas dependencias, explicáronselles os distintos proxectos realizados e os que están a realizar.

Gabriel Rei prestou especial atención á elaboración e resultado do Mapa Sociolingüístico de Galicia, e Antón Santamarina ó traballo lexicográfico e do Atlas Lingüístico.

Os anfitrións responderon amablemente ás preguntas que se lles formularon e ademais ofreceron asesoramento e axuda ós traballadores e traballadoras dos servizos lingüísticos nos eidos das súas respectivas especialidades. ↩

Formación en planificación lingüística

De todos son coñecidas as dificultades que adoito se atopan para asistir a cursos, seminarios ou, en xeral, a actividades de formación nunha disciplina que no noso país está comezando a arrincar.

De feito, boa parte dos técnicos de normalización lingüística temos unha formación case en exclusiva filolóxica, algo que non abonda -¿aínda queda alguén que non estea convencido?- para levar a cabo o traballo que normalmente se nos encomenda.

Por fortuna isto vaise paliar, aínda que polo de agora en moi pequena medida, pois os estudantes da Universidade de Santiago poden escoller xa unha materia optativa na titulación de Educación Social, impartida pola profesor Xosé Rubal Rodríguez, da Facultade de Filosofía de CC. da Educación, a materia é *Planificación Educativa da Normalización Lingüística*, cun programa realmente interesante.

De por parte, o profesor Henrique Monteagudo, do Departamento de Filoloxía Galega, na súa materia de Sociolingüística impartida no terceiro curso do plan novo de Filoloxía Galega, incluírá, ademais das súas propias clases, a colaboración de persoas que están a traballar en servizos lingüísticos para que divulguen as súas experiencias no exercicio profesional.

Se alguén considera que a súa colaboración pode ser interesante e válida, pode poñerse en contacto co antedito profesor Monteagudo na Facultade de Filoloxía ou no teléfono 563100 ext. 11791 [↩](#)